

## MARTIN CREED OBRAS

6 maio – 25 setembro 2011



Martin Creed. Work No. 247. *Half the air in a given space*, 2000. Vista da instalación no MARCO de Vigo, 2011

### DATAS

6 maio – 25 setembro  
2011

### LUGAR

Salas de exposición da  
planta baixa e do 1º  
andar (galería B1)

### HORARIO

Martes a sábados  
(festivos incluídos) de  
11.00 a 21.00  
Domingos, de 11.00 a  
15.00

### PRODUCCIÓN

MARCO, Museo de Arte  
Contemporánea de  
Vigo

### COMISARIA

Carolina Grau

## PRESENTACIÓN

O artista británico MARTIN CREED (Wakefield, Reino Unido, 1968) presenta un proxecto que se enmarca no formato de novas producións realizadas especificamente para o MARCO, e que supón a súa primeira exposición individual en España. Recoñecido como un dos artistas máis interesantes da súa xeración, e gañador do Turner Prize en 2001, combina a súa faceta de artista co seu grupo de música, formado en 1994.

## OBRAS EN EXPOSICIÓN

Toda a planta baixa do MARCO está ocupada por unha soa obra, que inunda e á vez baleira o espazo expositivo. Work No. 247 *Half the air in a given space* [A metade do aire nun espazo dado], 2000, consiste en materializar a metade do aire contido nun espazo por medio de globos, modificando por completo a percepción do contorno. A exposición complétase cun conxunto de obras relacionadas coa música e o son, nunha das salas do primeiro andar.

### Actuación 'Martin Creed and his band'

O venres 6 de maio, ás 21.00, durante a xornada inaugural, terá lugar a actuación de 'Martin Creed and his band' no salón de actos.

## COLABORACIÓN AAM

Para a produción desta exposición contouse coa inestimable colaboración dun grupo de membros da Agrupación de Amigos do MARCO.

## SÍNTESIS DO PROXECTO EXPOSITIVO

---

Coa exposición 'MARTIN CREED. Obras', comisariada por Carolina Grau, o MARCO dá un paso máis na liña de proxectos individuais de produción propia, concibidos especificamente para as salas do Museo. Esta mostra supón a primeira presentación individual do traballo deste artista en España, grazas á colaboración entre dúas institucións: o MARCO de Vigo —'MARTIN CREED. Obras' (maio - setembro 2011)— e a Sala Alcalá 31 da Comunidad de Madrid —'MARTIN CREED. Cosas' (decembro 2011 - febreiro 2012).

Recoñecido como un dos artistas máis interesantes da súa xeración, e gañador do Turner Prize en 2001, Martin Creed combina a súa faceta de artista co seu grupo de música, formado en 1994. Creed está constantemente investigando sobre a natureza básica das cousas, eliminando o accesorio na súa busca do esencial, e creando un mundo de clasificacións, categorías e excepcións inesperadas a través de obxectos, palabras e sons cotiáns.

Na súa proposta para o MARCO, Creed vai un paso máis alá na súa análise sobre a percepción e sobre a experiencia física, xogando coa nosa relación co contorno. Toda a planta baixa está ocupada por unha das súas intervencións, que inunda e á vez baleira o espazo expositivo. **Work No. 247 Half the air in a given space** [A metade do aire nun espazo dado], 2000, consiste en materializar a metade do aire contido nun espazo por medio dun obxecto cotián. Os globos, elementos lúdicos e festivos da infancia, convértense en colectores de aire, facendo tanxible e visible algo efémero e inmaterial.

Creada por primeira vez en 1998, esta peza adquire nas salas do MARCO unha magnitude completamente descoñecida ata agora, pola súa monumentalidade e polas dimensións das salas: a metade do espazo —un total de 6.863 m<sup>3</sup> de aire distribuídos en tres patios, tres galerías, e a rotonda central— aparece cuberto por un mar de globos de cor azul celeste, que alteran por completo a nosa experiencia física e a percepción do espazo. Para poder apreciar a obra, o visitante ten que somerxerse literalmente nela, abríndose paso entre os globos e desencadeando un cúmulo de sensacións contraditorias, que van do pracer á euforia, do benestar á angustia, do xogo á desorientación; e onde o sentido lúdico se combina, en ocasións, con certo matiz ameazador. Segundo avanzamos no espazo, pasamos a formar parte da peza, facendo realidade as palabras do artista: 'Estás dentro da obra en vez de estar a mirala dende fóra' [Martin Creed, revista *Art World Issue 5*, xuño-xullo 2008, p. 37].

A exposición do MARCO inclúe tamén un grupo de obras relacionadas coa música e o son, nunha das salas do primeiro andar: a instalación sonora *Work No. 189 Thirty-nine metronomes beating time, one at every speed* [Trinta e nove metronómos marcando o tempo, cada un á súa velocidade], 1998, e partituras musicais, reflexo da variedade na obra de Creed, así como da súa faceta de compositor, músico e autor, que considera inseparable do seu traballo como artista visual.

## TEXTO DA COMISARIA

---

“Work No. 247 *Half the air in a given space* provén, na súa orixe, do mesmo proceso de traballo que Work No. 227 *The lights going on and off* [As luces acendéndose e apagándose], obra coa que Martin Creed gañou o Turner Prize en 2001, na que as luces xa existentes dun espazo dado, acéndense e apáganse de xeito continuado segundo unha secuencia temporal previamente establecida. Creed describiu esta peza como un intento de facer unha escultura similar a unha peza de música, na que 'a obra sucede diante de ti mentres a estás a observar' [Martin Creed, entrevista Tom Eccles, *Martin Creed. Works*, 2010, p. XV].

Mostrar o proceso da obra é algo sobre o que Creed leva investigando dende o inicio da súa carreira artística. Ao finalizar os seus estudos de arte na Slade School of Art, empezou a compoñer música e cancións, como un modo de facer o proceso máis visible: 'Unha canción é un proceso, dende o momento anterior ao inicio da música ata o momento inmediatamente posterior á súa finalización' [Martin Creed, entrevista Jérôme Sans, 'Blow and Suck', *Live*, Palais de Tokyo / Éditions Cercle d'Art, 2004, p.76]

Dende entón, música e son forman parte integrante da obra de Creed, pero existen diferenzas entre elas. As obras de son teñen unha estrutura aberta, sen principio nin fin. A exposición do MARCO inclúe a instalación sonora Work No. 189 *Thirty-nine metronomes beating time, one at every speed*, na que 39 metrónomos funcionan á vez, marcando un tempo —a velocidade á que unha peza musical debe executarse— pero cada un a distinta velocidade, de entre as 39 posibles. O metrónomo, un instrumento de precisión, pasa a reproducir todas as súas velocidades, creando unha cacofonía que se percibe en paralelo á acción deses 39 obxectos, aliñados coma se fosen bailaríns, e movendo os seus brazos a distintos ritmos. En palabras do crítico Massimiliano Gioni, o metrónomo funciona como metáfora esencial da obra de Creed: 'son, negación de son, repetición de son. Son, silencio, son, silencio...' [Massimiliano Gioni, 'The System of Objects', en *Martin Creed. Works*, 2010, p. XX].

Unha das características das obras de Creed é que se poden executar infinita e repetitivamente como unha partitura de música, pero ao igual que esta, cada interpretación é distinta das anteriores. Moitas das súas obras están baseadas en instrucións precisas do artista, como en Work No. 117. *All the sounds on a drum machine* [Todos os sons nunha caixa de ritmos], 1995, ou Work No. 194. *Nothing* [Nada], 1995-1996, unha canción na que só se repite esa mesma palabra. A exposición do MARCO inclúe, nunha das salas do primeiro andar, varias pezas e documentación que abranguen as súas diversas exploracións en obras de son, cancións e partituras musicais; como reflexo da variedade da súa obra, da súa faceta de músico e autor.

Paralelamente á súa carreira artística, creou o seu grupo de música en 1994, formado orixinalmente por tres instrumentos, que interpreta cancións reducidas ao mínimo de palabras e notas. Todas as súas composicións musicais teñen unha estrutura pechada, un principio e un fin, e van dende Creed enumerando os números do 101 ao 200 en Work No. 196 *101-200*, 1994-1995, a versións máis líricas como Work No. 191 *Feeling blue*, 1994-1996, na que identifica cores con estados de ánimo. Nos

## NOTA DE PRENSA

últimos anos, as actuacións en vivo de 'Martin Creed & his band' foron evolucionando cara a *Variety Performances*, onde entrelaza diversos medios e linguaxes —orquestra, danza, videoarte, charlas, ballets, mímica— esvaecendo a liña divisoria entre música e arte, entre distintos xéneros, e experimentando con eles en espazos como teatros, auditorios, museos, clubs ou universidades.

'I also like music because it's in the air, everywhere... it's all around – it doesn't have to stay in one place' [Gústame a música porque está no aire, en todas partes... por todos lados, e non nun lugar en concreto. Martin Creed, entrevista Tom Eccles, *Martin Creed. Works*, 2010, p. XIII]".

**Carolina Grau**

Comisaria da exposición

## NOTAS BIOGRÁFICAS

---

### Martin Creed

Martin Creed naceu en Wakefield, Reino Unido, en 1968, e criouse en Glasgow. Actualmente vive e traballa en Londres e Alicudi, Italia. Participou en multitude de exposicións en todo o mundo, e en 2001 foi gañador do Turner Prize coa obra titulada *Work No. 227 The lights going on and off*. As súas exposicións individuais máis recentes inclúen *Mothers* (Hauser & Wirth, Londres, Savile Row, 2011); *Down Over Up* (Fruitmarket Gallery, Edimburgo, 2010); *Ballet* *Work No. 1020* (Traverse Theatre, Edimburgo, 2010); *Things* (The Common Guild, Glasgow, 2010); *Work No. 409* (Royal Festival Hall, Londres, 2010; Hiroshima City Museum of Contemporary Art, Hiroshima, 2009); Ikon Gallery (Birmingham, 2008) e Duveen Commission (Tate Britain, Londres, 2008).

As palabras e a música sempre foron parte integrante do traballo de Creed. Nas actuacións da súa banda, combina a miúdo artes visuais con palabras, coreografía e música.

### 'Martin Creed and his band'

Martin Creed – guitarra eléctrica, guitarra acústica, voz

Keiko Owada - baixo, coros

Genevieve Murphy - teclados, coros

Ben Kane - batería

Rob Eagle - proxección vídeo/imaxes, coros

Creed creou a súa propia banda, 'Owada', en 1994, nome que deixou de utilizar en 1999. En 1997 lanzaron o seu primeiro CD, *Nothing* [Nada], no selo David Cunningham's Piano. No ano 2000 publicou unha gravación das súas cancións co seu propio nome, na editorial Art Metropole, de Toronto. En 2010 creou a portada dun single de Futuristic Retro Champions, e apoiou o seu lanzamento cunha actuación da súa propia banda. En 2009 escribiu e coreografiou 'Ballet', un espectáculo que combina charla, música e danza, producido por Sadler's Wells, Londres. En 2010 'Ballet' representouse durante oito días no Traverse Theatre de Edimburgo, como parte do Edinburgh Festival Fringe. Esta obra representárase no teatro Sadler's Wells, de Londres, o 21 de xuño de 2011.

### Carolina Grau

Carolina Grau (Barcelona, 1969) é comisaria independente, licenciada en Historia da Arte pola Universitat de Barcelona e Master en xestión de museos e galerías na Business School of City University, Londres. Residente en Londres entre 1995 e 2010, actualmente vive e traballa en Barcelona. Comisariou, entre outras, as seguintes exposicións: *My Old Man Said Follow the Van* (Rosemary Branch Theatre, Londres 1999); *Around the Corner* (Galería Cristina Guerra, Lisboa, 2004); *Contrabando* (Galería Luisa Strina, São Paulo, 2006); *Entre fronteiras* (MARCO, Vigo, 2007); *Electrones libres: selección de vídeos de la colección Lemaitre* (Tabakalera, San Sebastián, 2007); *Look Again: cinco visiones de vídeo contemporáneo* (Tabakalera, San Sebastián, 2009), e recentemente comisariou *Un autre point de vue* (La Galerie Centre d'Art Contemporain, París, 2010). É autora de textos para catálogos de artistas contemporáneos —entre eles o de Angela de la Cruz e Chris Ofili— e coordinou eventos na 51ª Bienal de Venecia (2005) ou na Tate Modern de Londres (2001). Carolina Grau é co-fundadora da Bienal de Jafre (2003) xunto a Mario Flecha, que este verán presentará a súa quinta edición (V Bienal de Jafre, 6 agosto 2011).

## **SOBRE O ARTISTA**

---

### **Martin Creed**

Wakefield, Reino Unido, 1968  
Slade School of Fine Art, Londres, 1986-1990  
Vive e traballa en Londres

#### **Exposicións individuais** (selección a partir do ano 2000)

2011

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Sala Alcalá 31, Madrid  
Johnen Galerie Berlín, Alemaña  
Hauser & Wirth, 'Mothers', Londres

2010

Moscow Museum of Modern Art, 'Numbers', Moscú  
Southbank Centre, 'Martin Creed: Work No. 409' (Chorus Festival), Londres  
Fruitmarket Gallery, 'Down Over Up', Edimburgo  
Traverse Theatre, 'Ballet: Work No. 1020' (Edinburgh Festival), Edimburgo

2009

Centre Pompidou-Metz, 'Work No. 245', Metz, Francia  
Hiroshima City Museum of Contemporary Art, Hiroshima, Xapón (exposición itinerante)  
Scottish National Gallery of Modern Art, 'Work No. 975', Edimburgo

2008

Tate Britain, 'Duveens Commission', Londres  
Gavin Brown's enterprise, Nova York, EUA

2007

Hessel Museum of Art and CCS Galleries, Bard College, 'Feelings', Annandale-on-Hudson, Nova York, EUA  
508 West 25th Street, 'Small Things', Nova York, EUA  
Hauser & Wirth Coppermill, Londres  
Abrons Art Center, 'Martin Creed's Variety Show', Nova York, EUA

2006

Curzon Mayfair, 'Sick Film', Londres  
Fondazione Nicola Trussardi, 'I like things', Milán, Italia  
Johnen Galerie, 'Work No. 547', Berlín, Alemaña  
HauBrokshows, 'The lights off', Berlín, Alemaña  
Tate Modern, 'Martin Creed's Variety Show', Londres

2005

Comptoir de Nylon, 'The lights going on and off', Bruxelas, Bélxica  
Stedelijk Van Abbemuseum, Eindhoven, Holanda  
ACCA – Australian Center for Contemporary Art, 'The lights off', Melbourne, Australia

2004

Centre for Contemporary Art, Ujazdowski Castle, 'the whole world + the work = the whole world', Varsovia, Polonia  
Centre for Contemporary Art, 'TWG@CCA', Kitakyushu, Xapón

2003

Kunsthalle Bern, Berna, Suiza  
Frac Languedoc-Roussillon, 'Beaucoup de bruit pour rien' (con Marylene Negro), Montpellier, Francia  
Gavin Brown's enterprise, 'Work No. 300', Nova York, EUA  
The British School, 'Work No. 289', Roma, Italia

2002

Alberto Peola Arte Contemporanea, 'A large piece of furniture partially obstructing a door', Turín, Italia  
The Wrong Gallery, Nova York, EUA

2000

Kunst-Station Sankt Peters Kirche, 'Work No. 252', Colonia, Alemaña  
Arte Continua, 'Arte all' Arte', San Gimignano, Italia  
Tate Britain, 'Art Now: Martin Creed', Londres  
Southampton City Art Gallery, 'MARTINCREEDWORKS', Southampton, Reino Unido (exposición itinerante)  
Times Square / 42nd Street, 'Work No. 225', Nova York, EUA  
Tate Britain, 'Work No. 232: the whole world + the work = the whole world', Londres

# NOTA DE PRENSA

## Exposiciones colectivas (selección a partir do ano 2000)

2011

54th Biennale di Venezia, 'ILLUMInazione', Venecia, Italia (xuño 2011)  
Museum Admont, 'Sammmler- LEIDENSCHAFT', Bruxelas, Bélxica  
Folkestone Triennial, 'A million miles from home', Kent, Reino Unido  
Singapore Biennale 2011 'Open House', Singapur  
Tate St. Ives, 'Summer Collection Display', Cornualles, Reino Unido

2010

Minsheng Art Museum, 'Other Rooms', Shanghai, China  
Palais de Tokyo, 'FRESH HELL – Carte Blanche à Adam McEwen', París  
Queensland Art Gallery, '21<sup>st</sup> Century: Art in the First Decade', Queensland, Australia  
K21 Kunstsammlung Nordrhein-Westfalen, "Silent Revolution" – Eine neue Sammlungspräsentation", Dusseldorf, Alemaña  
La Casa Encendida, 'on&on', Madrid

2009

MOMA - Museum of Modern Art, 'Paper: Pressed, Stained, Slashed, Folded', Nova York, EUA  
MUHKA - Museum van Hedendaagse Kunst, 'All That Is Solid Melts Into Air', Amberes, Bélxica

2008

SUN Contemporary, 'Platform Seoul', Seúl, Corea  
Kunsthalle Bern, 'No leftovers', Berna, Suíza  
Galeria Luisa Strina, 'This is Not A Void', São Paulo, Brasil

2007

Galleria d'Arte Moderna e Contemporanea, 'The Future of Futurism', Bérgamo, Italia  
Museum of Contemporary Art Detroit, 'Words Fail Me', Detroit, EUA  
Institute of Contemporary Art, 'Ensemble', Filadelfia, EUA  
Fondazione Sandretto Re Rebaudengo, 'Silence: Listen to the Show', Turín, Italia  
Villa Arson, 'Half square, half crazy', Niza, Francia  
Kunsthalle Bern, 'Critical Mass - Kritische Masse', Berna, Suíza  
MACRO - Museo d'Arte Contemporanea Roma, Italia  
III Bienal de Jafre, Jafre del Ter, Girona

2006

P.S. 1 Contemporary Art Center y MoMA – Museum of Modern Art, 'Into Me / Out of Me', Long Island, Nova York, EUA (exposición itinerante)  
KW Institute for Contemporary Art, 'Into Me/Out of Me', Berlín, Alemaña (exposición itinerante)  
4th Berlin Biennial for Contemporary Art, 'Of Mice and Men', Berlín, Alemaña  
Centre Georges Pompidou, 'Big Bang: Destruction and Creation in 20th Century Art', París, Francia  
Secession, 'I (Ich) Performative Ontology', Viena, Austria  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, 'The Invisible Show. Audio Works from the 20th Century', Vigo / Centro José Guerrero, Granada  
Schirn Kunsthalle, 'Nichts', Frankfurt, Alemaña

2005

K20 Kunstsammlung, 'Ambiance – Des Deux Côtes du Rhin', Dusseldorf, Alemaña  
Casino Luxembourg – Forum d'Art Contemporain, 'L'humanité mise à nu et l'art en frac. même', Luxemburgo  
CCA Wattis Institute for Contemporary Arts, 'General Ideas: Rethinking Conceptual Art 1987-2005', San Francisco, EUA  
Biennale d'Art Contemporain de Lyon, 'Expérience de la Durée', Lyon, Francia  
Printemps de Septembre, Toulouse, Francia

2004

ICA, 'Artists' Favourites' Londres  
Serpentine Gallery, 'State of Play', Londres  
Palais de Tokyo, 'Live', París

2003

Kunstverein Frankfurt, 'Adorno', Frankfurt, Alemaña  
Kunstverein Salzburg, 'Soundsystem', Salzburgo, Austria  
Museum Boijmans van Beuningen, 'Shine', Rotterdam, Holanda

2002

CCAC – California College of the Arts, 'Rock my World: Recent Art and the Memory of Rock'n'Roll', San Francisco, EUA  
Charlottenborg, 'My Head is on Fire but my Heart is Full of Love', Copenhague, Dinamarca  
MOMA - Museum of Modern Art, 'Tempo', Nova York, EUA

# NOTA DE PRENSA

2001

Tate Britain, 'Turner Prize 2001', Londres

Rooseum Center for Contemporary Art, 'Rooseum Provisorium', Malmo, Suecia

Museum of Contemporary Art, 'Art/Music: Rock, Pop, Techno', Sídney, Australia

2000

Whitechapel Art Gallery, 'Protest and Survive', Londres

Fondazione Pistoletto, 'A casa di...', Biella, Italia

Tate Britain, 'Intelligence: New British Art 2000', Londres

Contemporary Art Centre, 'Proper', Vilnius, Lituania

## Premios

2001

Turner Prize

## + información en

[www.martincreed.com](http://www.martincreed.com)

[www.hauserwirth.com](http://www.hauserwirth.com)

## Links entrevistas

<http://www.martincreed.com/site/words/jerome-sans-interview>

[http://issuu.com/phillipsdeputy/docs/music\\_lon\\_nov\\_final](http://issuu.com/phillipsdeputy/docs/music_lon_nov_final)

## Martin Creed & his Band

<http://www.cafeoto.co.uk/martin-creed.shtm>

<http://www.palaisdetokyo.com/fo3/low/programme/index.php?page=nav.inc>

<http://dl.dropbox.com/u/5582882/Thinking%20Not%20Thinking%20%28320%20k>

<http://vimeo.com/15843030>



## INFORMACIÓN XERAL

---

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

#### Programación Didáctica

##### 'A METADE DO AIRE'

Do 11 de maio ao 3 de xuño 2011

Visitas e obradoiros para escolares e familias en torno á exposición de MARTIN CREED

### INFORMACIÓN E VISITAS

O persoal de salas está a disposición dos visitantes para calquera consulta ou información relativa á exposición, ademais das visitas guiadas habituais:

- Todos os días ás 18.00
- Visitas 'á carta' para grupos, previa cita no tel. 986 113900

### NORMAS E INDICACIÓNS DE SEGURIDADE PARA VISITANTES

Anímase ao público a circular libremente entre os globos por todos os espazos da planta baixa, sempre tendo en conta unha serie de indicacións e normas de seguridade, que estarán a disposición dos visitantes na taquilla do MARCO e no acceso ás salas da planta baixa.

---

Se desexa recibir máis información, diríxase a:  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento de Comunicación (Marta Viana ou Pilar Souto)  
R/ Príncipe 54  
36202 Vigo  
Tel. +34 986 11 39 08 /11 39 03 / 11 39 00  
Fax.+34 986 11 39 01  
Email: [marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com) [pilar.souto@marcovigo.com](mailto:pilar.souto@marcovigo.com)